

# **ASOCIACIÓN GALEGA DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA (AGAMFEC)**

## **SECRETARÍA TÉCNICA:**

Congrega S.L.

Rosalía de Castro, 13, 1º esq. 15004. A Coruña

Tel: 981216416 . Fax: 981217542

Correo electrónico: [secretaria@congrega.es](mailto:secretaria@congrega.es)

Página web: [www.agamfec.com](http://www.agamfec.com)

## **JUNTA DIRECTIVA ENTRANTE**

- ❖ PRESIDENTE:
  - Jaime González Rey
- ❖ VICEPRESIDENTES:
  - Gabriel Julio Díaz Grávalos
  - Jesus Sueiro Justel
- ❖ SECRETARIO E VOGAL DE PRENSA:
  - Vital José Diéguez Pereira
- ❖ TESOUREIRO:
  - Andrés Manuel Martínez González
- ❖ VOGAL DE DOCENCIA:
  - Peregrina Eiroa Patiño
- ❖ VOGAL DE GRUPOS DE TRABAJO:
  - Francisco Javier Maestro Saavedra
- ❖ VOGAL DE INVESTIGACIÓN:
  - M<sup>a</sup> Victoria Martín Miguel
- ❖ VOGAL DE PAAPS:
  - M<sup>a</sup> José Veleiro Tenreiro
- ❖ VOGAL WEB:
  - Gerardo Palmeiro Fernández
- ❖ VOGAL DE MEDICINA RURAL:
  - Raquel Plana Pintos
- ❖ VOGAL DE MÉDICOS XÓVENES:
  - María Ángeles Corbillón Estévez
- ❖ VOGAIS DE RESIDENTES:
  - Ángel Piñeiro López
  - Diego Terceiro López

## **JUNTA DIRECTIVA SALIENTE**

- ❖ PRESIDENTE:
  - Manuel Domínguez Sardiña
- ❖ VICEPRESIDENTES:
  - María Jesús Freiria Tato
  - Jesus Sueiro Justel
- ❖ SECRETARIO:
  - Vital José Diéguez Pereira
- ❖ TESOUREIRO:
  - María Núñez Temes
- ❖ RESPONSABLE DE DOCENCIA:
  - Ricardo Iglesias Losada
- ❖ RESPONSABLE DE INVESTIGACIÓN:
  - M<sup>a</sup> Victoria Martín Miguel
- ❖ RESPONSABLE DE PRENSA:
  - Begoña Peiteado Garrido
- ❖ RESPONSABLE DE GRUPOS DE TRABAJO:
  - Jaime González Rey
- ❖ RESPONSABLE DO PAAPS:
  - M<sup>a</sup> José Veleiro Tenreiro
- ❖ VOGAL WEB:
  - Gerardo Palmeiro Fernández
- ❖ VOGAL DE MEDICINA RURAL:
  - Gabriel Díaz Grávalos
- ❖ VOGAIS DE RESIDENTES:
  - Ángel Piñeiro López
  - Diego Terceiro López

Esta Xunta Directiva da AGAMFEC foi elixida en Asemblea Xeral o 24 de Maio do 2008 no transcurso do Congreso da SemFYC celebrado en Vigo

## GRUPOS DE TRABAJO

Apoio e colaboración na constitución e dinamización de **Grupos de Trabajo da AGAMFEC**. Actualmente están constituídos:

- ❖ Comunicación e Saúde.
  - Responsable: Ana Carvajal da Torre
- ❖ Hipertensión Arterial.
  - Responsable: Concepcion Gonzalez Paradela
- ❖ Diabetes.
  - Responsable: Fco. Javier García Soidán
- ❖ Demencia.
  - Responsable: M<sup>a</sup> Carmen Fernández Merino
- ❖ Cirurxía Menor en Atención Primaria (A.P.).
  - Responsable: Javier Maestro Saavedra
- ❖ Atención á Muller.
  - Responsable: Abel Coutado Méndez
- ❖ Abordaxe do Tabaquismo.
  - Responsable: Xulio Castañal Canto
- ❖ Dislipemias.
  - Responsable: Alberto dal Álamo Alonso
- ❖ Patoloxía Osteo-articular en Atención Primaria.
  - Responsable: Enrique Nieto Pol
- ❖ Patoloxía Respiratoria.
  - Responsable: César Rodríguez Estévez
- ❖ Coidados Paliativos.
  - Responsable: David Vaquerizo
- ❖ Urgencias.
  - Responsable: Fernando Souto Mata
- ❖ Risco Cardiovascular.
  - Responsable: Luís Fransi Galiana
- ❖ Grupo de violencia domestica.
  - Responsable: Rosana Izquierdo Fernández
- ❖ Alcohol.
  - Jacinto Mosquera Nogueira
- ❖ Grupo Respiratorio
  - Cesar Rodriguez Estévez
- ❖ Grupo de Bioética
  - Pilar Vazquez Pumariño
- ❖ Grupo de enfermidades Nefrourológicas
  - Monica Diosdado Figueirido
- ❖ Grupo de Infecciosas
  - Mariña Cid Sueiro
- ❖ Grupo de Responsabilidade profesional
  - Vital Diéguez Pereira

## **ACTIVIDADES DE LA AGAMFEC**

### **CONGRESOS E XORNADAS:**

#### **1) XORNADAS DE TITORES:**

As Unidades Docentes de Medicina Familiar e Comunitaria en colaboración coa Agamfec e Novartis organizaron unhas "Xornadas de titores" en Santiago de Compostela os días 22 e 23 de Febreiro do 2008 na Sede da FEGAS e no Hotel Porta do Camiño. Os destinatarios foron os titores do programa de formación especializada dos MIR de Medicina Familiar e Comunitaria. Houbo 88 inscritos e a valoración xeral entre os asistentes foi moi boa.

#### **2) X XORNADAS DE RESIDENTES:**

O 29 de febreiro de 2008 tiveron lugar as décimas xornadas de residentes da sociedade galega de medicina familiar e comunitaria no hotel Torres de Compostela en Santiago de Compostela co patrocinio de Almirall. Ás xornadas acudiron 105 residentes das catro provincias galegas e de case tódalas unidades docentes de Galiza, 20 máis que o ano pasado.

#### **3) XIII XORNADAS GALEGAS DE MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA.**

Os pasados 23 e 24 de Maio celebráronse en Vigo cunha numerosa participación (278 inscricións).

Co deseño habitual nos nosos congresos, revisáronse temas de actualidade nas distintas Mesas e Relatorios e realizáronse diversos Obradoiros que contan coa habitual boa acollida. É de destacar a importante contribución de numerosos compañeiros a través de Comunicacóns Científicas. Foron aceptadas 113 das 117 Comunicacóns presentadas, 77 máis que nas Xornadas celebradas en Pontevedra no 2007. Esta importante participación foi eloxiada polo Presidente do Comité Científico, Dr. Salvador Pita, no acto de clausura de ditas Xornadas.

#### **4) NOVA XUNTA DIRECTIVA:**

O 24 de Maio de 2008, coincidindo coas XIII Xornadas Galegas de Medicina Familiar, tivo lugar a Asamblea Ordinaria da AGAMFEC. Nela foi elixida a nova Xunta Directiva presidida por D. Jaime González Rey. A nova directiva aporta xente nova en algunhas vogalías e conta coa experiencia e apoio doutros compañeiros que levan xa anos loitando polos nosos intereses ó fronte desta Asociación. Durante a Asemblea tratáronse temas como a publicación da nosa revista, Cadernos de Atención Primaria, a nova páxina web, a maneira de procura-lo aumento do número de asociados e a actualización das cuotas.

Antes de concluír a mesma, D. Manuel Domínguez Sardiña e Dña. M<sup>a</sup> Jesús Freiría Tato, Presidente e Vicepresidente da Directiva anterior, dirixíronse aos asistentes para resumir a súa experiencia na directiva da AGAMFEC e desexar os seus parabéns á nova directiva.

#### **5) JORNADAS DE ACTUALIZACIÓN SEMFYC – IFN**

Durante os días 9 e 10 de outubro desenvóléronse no Palacio de Congresos de Santiago as Jornadas de Actualización semFYC - IFN. Organizadas por semFYC, AGAMFEC e a Sociedade Asturiana de Medicina de Familia y Comunitaria, e co patrocinio do Instituto de Formación Novartis, dan cabida á revisión de diferentes materias do traballo do médico de familia, incluíndo aquelas relacionadas con novidades en áreas competenciais da especialidade. Realizaranse a través de actividades como Encontros co Experto e Talleres de 2 e 4 horas, ademais da Mesa de Actualización.

#### 6) XORNADAS DE OUTONO DA AGAMFEC

Tivo lugar o 8 de novembro en Santiago de Compostela, coa asistencia dos membros da Xunta Directiva, os responsables de Cadernos e os responsables de tódolos Grupos de Traballo da AGAMFEC. Durante o desenvolvemento da Xornada debatéronse temas como o financiamento de Cadernos e da nosa Asociación, a celebración do Congreso da AGAMFEC do ano 2009, as actividades que desenvolverán os distintos grupos de traballo, a posibilidade da creación dunha Escola de Formación da Asociación e a colaboración intergrupos.

#### 7) RENOVACIÓN DA PÁXINA WEB DA AGAMFEC

Durante este ano produciuse a renovación da páxina web da Sociedade, co propósito de conseguir un instrumento máis áxil e práctico para o socio, e que ao mesmo tempo poida servir para canalizar mellor a información que se xenera na Asociación. Consta de diferentes Seccións como a de Grupos de Traballo onde se pode visualizar e descargar os documentos elaborados polos distintos Grupos da Asociación, ou as de Investigación, Docencia ou Actividades e Congresos, con referencias aos eventos máis importantes nos próximos meses. Ademais, existe a posibilidade de descargar os artigos publicados na revista Cadernos de Atención Primaria desde decembro de 2005. Por outra banda, presenta unha ampla base de datos con referencia a os enlaces e lexislación máis importantes para a nosa profesión.

#### 8) ATENCIÓN PRIMARIA DE GALICIA

AGAMFEC continúa participando nas reunións de seguimento do Plan de Mellora de Atención Primaria de Galicia 2007-2011. As últimas tiveron lugar os días 25 de novembro e 5 de decembro.

Tratamento da diabetes tipo 2. Residentes de MFyC da área de Santiago en xaneiro 2005.

Dous talleres sobre manexo da diabetes tipo 2 en Atención Primaria, para o Colexio de médicos da Coruña en Santiago. Maio 2005.

Tratamento da diabetes tipo 2. Residentes de MFyC da área de Vigo. Outubro 2005.

## **PUBLICACIÓNS**

Publicación trimestral da revista Cadernos de Atención Primaria incluída no Índice Médico Español.